

A afiliación, unha prioridade

■ A creación de seccións sindicais en empresas onde xa hai representación de CCOO é urxente. Se non for posible crear a sección, hanse establecer mecanismos de participación que consigan máis implicación e afiliación ao sindicato. Para Luis Romero, secretario federal de Organización de CCOO de Industria, este é un reto inaprazable.



Luis Romero Redón

Secretario de Organización da Federación estatal de CCOO de Industria

Estes últimos cinco anos viñeron marcados por unha profunda crise cuxos efectos se notaron sobre todo na redución desmedida do emprego —especialmente nos sectores industriais—, no incremento insoportable das taxas de paro e no crecente empobrecemento das condicións de vida e de traballo das clases traballadoras. Ao tempo, puxéronse en marcha varias reformas laborais que provocaron perda de dereitos. Outro elemento destacable deste período foi a constante e sistemática campaña de desprestixio das organizacións sindicais orquestrada por poderosos grupos de interese e medios de comunicación.

As folgas xerais e as masivas mobilizacións que desenvolvemos durante este lustro non ter-

minaron de desmontar os argumentos da falta de credibilidade e representatividade dos sindicatos. Doutra banda, as decisións adoptadas polos sucesivos gobernos durante este período con respecto á participación institucional dos sindicatos e ao sistema de formación para o emprego fan aínda máis relevante a importancia da afiliación para CCOO e para a Federación de Industria en particular.

A base afiliativa xa non só representa o principal activo na defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras —porque onde se ten máis afiliación hai maior capacidade de incidencia—, senón que a partir de agora a cota sindical convértese case na principal fonte de ingresos para CCOO. Isto obríganos —máis ca nunca— a pórmos en marcha plans de traballo efectivos e con-

tinuados, tanto para manter a actual afiliación como para estendela ao maior número posible de traballadores e traballadoras.

O período que agora abrimos coa celebración do Congreso de fusión non será sinxelo, pois a crise persiste e non se ven indicios de solución a curto prazo. Con todo, a nosa forza reside na razón dos nosos argumentos e na nosa capacidade de crecermos ante a adversidade. En boa medida, o noso proxecto sindical ha fundamentarse, máis se cabe, na plena sindicalización dos centros de traballo e das relacións laborais. Iso require pechar filas ao redor da creación das condicións axeitadas para estender e afianzar o noso vínculo de proximidade cos traballadores e as traballadoras e, xa que logo, aumentarmos en afiliación.

As estratexias afiliativas teñen como obxectivo ampliar, fidelizar, recuperar e potenciar a afiliación a CCOO desde unha concepción que integra a política sindical e a organizativa. Esixe novas iniciativas e apunta ao reforzamento da proposta sindical, tanto no plano xeral —reivindicación do sindicalismo e desenvolvemento da súa acción colectiva— como no específico —apuntalar a súa presenza e intervención nas empresas—. Nisto ten un papel sobranceiro a estrutura de rama no territorio e require, ademais, programas específicos con relación ás empresas en que CCOO ten sección sindical. Doutra parte, nas empresas en que hai representación pero non existe sección sindical, é urxente pór en marcha un plan para a implantación e o desenvol-

En boa medida, o noso proxecto sindical ha fundamentarse, máis se cabe, na plena sindicalización dos centros de traballo e das relacións laborais

vemento do sindicato; tamén nas empresas onde non hai nin sección sindical nin representación.

A negociación colectiva é un dos elementos centrais da actividade do sindicato. É certo que a reforma laboral supuxo un duro golpe para os convenios colectivos, pero tamén o é que o sindicato está a artellar propostas e iniciativas de traballo co conxunto das organizacións para superar esta situación e evitar así a aplicación da reforma laboral canto á ultraactividade. Dito isto, a negociación dun convenio ha converterse no medio co que expormos programas de traballo específicos en materia de negociación colectiva que acompañen todo o proceso de negociación e conflito: desde a elaboración da plataforma reivindicativa ata o asinamento do texto final.

A prioridade do conxunto de estruturas da nosa federación será traballar por obxectivos medibles e avaliábeis, facendo da afiliación unha prioridade, vinculando a organización ao servizo da acción sindical. Na outra dirección, faremos valer a acción sindical para o desenvolvemento organizativo e este, pola súa vez, para o crecemento da afiliación. A participación de todas e todos neste proxecto é fundamental.